



MISA CON NENOS Tempo ORDINARIO - C

26-06-2022

Lc 9,51-62: *“Seguireite a onde
queira que vaiais”*

**Mensaxe: Deixa a túa almofada e
sígueme**



1. MONICIÓN DE ENTRADA

Irmáns e irmás:

Chega o verán, para moitos, tempo de vacacións, de descanso para recuperar as forzas, tempo de encontro coa natureza, de convivencia máis estreita cos que queremos. Terminado o tempo pascual, con esas festas grandes da Stma. Trindade e do Corpus, volvemos ao tempo ordinario, cun novo ritmo nas nosas comunidades cristiás. Neste domingo Xesús convida a seguilo, a facer camiño con El, superando as escusas, o mirar atrás ou a comodidade. Aprendamos a seguir a Xesús aprendendo como El a “sabedoría da cruz”, que ás veces hai que perder a vida para gañala.

SACERDOTE: O amor e a paz do noso Señor Xesucristo sexan con todos vós.

2. SÚPLICAS DE PERDÓN

Seguir a Xesús non é para multitudes, xa que esixe renuncia e entrega. Por iso pedimos perdón.

- Porque tantas **veces** miramos máis ao que renunciamos que ao que nos dá Xesús. Señor, ten piedade de nós.
- Porque non sempre descubrimos a Xesús como o único capaz de enchernos de felicidade. Cristo, ten piedade de nós.
- Porque nos custa entender o camiño da cruz e do esforzo. Señor, ten piedade de nós.

Deus todopoderoso teña misericordia de nós, perdoe os nosos pecados e lévenos á vida eterna. Amén.

3. ORACIÓN DOS FIEIS

Unidos na oración ao Pai de todos, facémoslle presente as nosas necesidades.

Dicimos: -Pedímoscho, Señor.

- 1- Para que na Igrexa saibamos ver os signos dos tempos e crezamos en fidelidade ás persoas e ao Evanxeo. **Oremos.**
- 2- Para que os cristiáns descubramos a grandeza de seguir a Xesús, non antepoñendo nada á súa persoa nin á súa mensaxe. **Oremos.**
- 3- Para que, vivindo como persoas libres, axudemos a outros a superar as escravitudes que os afunden na desesperanza. **Oremos.**
- 4- Para que a nosa comunidade parroquial faga fronte ás dificultades que nacen de anunciar o Evanxeo, e fágao confiando en que Deus nunca nos abandona. **Oremos.**
- 5- Para que as dificultades que nacen de vivir o Evanxeo non nos venzan nunca, e cada día reiniciemos o camiño. **Oremos.**
- 6- Polos que estes días reciben por primeira vez a Cristo na Eucaristía, polos que recibiron o sacramento da confirmación, para que sigan sempre a chamada de Cristo deixando atrás aquilo que llo impide. **Oremos.** Axúdanos a seguirte, Señor, pois Ti es o Camiño, o que ten Palabras de Vida eterna. E vives e reinas...

4. PROCESIÓN DE OFRENDAS

- **CARTEL Ó SANDALIAS:** Con este cartel coa frase “Seguireite, Xesús” (ou estas sandalias) queremos dicirte grazas por chamarnos. Conta connosco, Xesús, para realizar a misión que nos encomendas hoxe de levar a todos a túa Palabra, o teu amor, a túa esperanza. Que nunca falten tampouco vocacións sacerdotais e consagradas que sexan a túa voz, as túas mans e a túa palabra entre nós.
- **UNHAS CADEAS DE CARTOLINA:** As cadeas son as escusas que poñemos para seguirte, as escravitudes que nos reteñen e que nos botan atrás á hora de seguirte, o mirar atrás e estrañar o que deixamos sen valorar a felicidade que ti nos das.

- **PAN E O VIÑO:** Traemos ata o altar o pan e o viño. Queremos, Señor seguirte, lévanos da túa man, así non miraremos atrás nin teremos medo. Sabemos que non imos sos, contamos contigo que nos acompañas. Levamos a túa forza, a túa tenrura e o teu amor.

5. SUXESTIÓNS

- Debuxar a Elías e a Eliseo cando aquel é levado ao ceo nun carro de lume e Eliseo queda co seu manto, é dicir coa súa misión e a súa sabedoría.
- O evanxeo fálanos da “sabedoría da cruz”, que ás veces tes que xogarte o “perder a vida para gañala”.
- Poderemos facer algunha destas actividades:
 - * Gravamos un vídeo con persoas da comunidade ou familiares que seguen a Xesús, que lles vai achegando, que lles esixe, como senten...
 - * Oramos xuntos coa canción “Seguireiche” de Ixcís.
 - * Dialogamos sobre como respondemos á chamada de Xesús os do noso grupo.
 - * Fixámonos no que nos estorba para seguilo mellor e explicámolo na eucaristía dominical: “É que...”.

6. VÍDEOS DOMINGO 13-C, Lucas 9, 51-62, Escusas ante o seguimento

- Seguireite onde vaias, película: <http://youtu.be/ig3x30AwUa8>
- Seguireite onde vaias, película: <http://youtu.be/ukw6rh3t8PU>
- Déixame seguirte, Señor, Javier Brú, canción: <https://youtu.be/zq5yeniaDj0>
- Nas túas mans, M^a José Bravo, canción: <http://youtu.be/o0HVNgbXeUE>
- Xesús estou aquí, canción: <http://youtu.be/watch?v=hHTsg4zrz94>
- Mans libres, Verbo Divino 2010, reflexión: https://youtu.be/mVWJF_d3R9A
- Necesítamosvos, Verbo Divino 2013, reflexión: <https://youtu.be/TpvilrnNJWw>
- Sen escusas, Verbo Divino 2016, reflexión: https://youtu.be/d3Hkytt3_UM
- Elixir con rotundidade, Verbo Divino 2019, reflexión: <https://youtu.be/8OZx5pQ3R3Ou>
- Ao final do camiño espérate o mellor, Verbo Divino 2022, reflexión: <https://youtu.be/pLrS7pjlzNE>
- Seguireite, Ixcís, canción: <https://www.youtube.com/watch?v=qPt-k1MsWFU&t=4s>
- Vídeo de cada domingo de Alex Navarro Mulet, Cousas de Deus, sóbeo os sábados: https://www.youtube.com/channel/ucft6btUTuaN3TRF_syJixww/vídeos
- Lecturas en linguaxe de signos: <https://youtu.be/uHFJlJ-zZo4> <https://youtu.be/vjWVfC6XUOg>

Seguireiche onde vaias

Iso díxenche unha e mil veces, Señor,
pero a túa chamada é clara e radical, quéresnos contigo totalmente;
nós estamos sempre ocupados
e poñemos desculpas para seguirte en serio: “É que...”

E Ti pregúntasnos a quen está pegado o noso corazón,
porque seguirte é elixirte como única familia
e estar por encima das penas e nostalxias, de apegos e preferencias.

Ti es o único, o motor da nosa vida, o norte do noso compás,
a única ocupación, para non vivir preocupados.

Ti quéresnos totalmente... sen físgoas.
non che gustan as mediocridades nin as dúbidas.
Ou estamos contigo, ou contra Ti, pero moitas veces somos mediocres,
seguidores teus, pero sen que se note,
pobres, pero con seguridades,
comprometidos, pero no tempo que nos sobra,
cristiáns, pero sen que nos leve moito tempo
confiados en Ti, pero ata que nos chega algo forte e abatémonos.

Terche a ti é vivir a seguridade no abandono,
é telo todo, tendo cada vez menos cousas,
é ser teu, sendo de todo o mundo á vez,
é vivir sen preocupacións, descansando en Ti,
é ser libre porque se está fundido en Ti, Señor.

Señor, seguireiche onde queira que vaias...
Mari Patxi Ayerra